

**ACTA DA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA DA FEDERACIÓN GALEGA DE MOTOCICLISMO  
celebrada en Vigo o día 20 de xaneiro de 2024 ás 11:00 h. en 2ª convocatoria**

Coa asistencia dos membros da Asemblea que a continuación se detallan, baixo a presidencia do presidente D. José Canda Rodríguez e coa asistencia do secretario xeral, Mário Riveiro Martínez.

Asisten:

**ESTAMENTO DE CLUBS:**

MOTO CLUB PAPAYA  
MOVETE NA MOTO - MNM  
CLUBE SOBRE RODAS - CSR  
VFM  
MORRAZO  
TEAM BERNARDEZ  
MOTOMONTAÑISMO ARTEIXO  
REBORDELO  
AML

**ESTAMENTO DE TÉCNICOS:**

D. ABILIO ANTUNEZ RODRIGUEZ  
D<sup>a</sup> SANDRA FERNANDEZ GONZALEZ  
D. JULIO SOLLEIRO PEREZ

**ESTAMENTO DE XUCES-ÁRBITROS:**

D. JOSE CANDA RODRIGUEZ  
D. JULIO RODRIGUEZ HAZ

**ESTAMENTO DE DEPORTISTAS:**

D. CARLOS CARREIRA ABEL  
D. JOSE MANUEL CONDE LEMA  
D. LUIS MOSQUERA ALVEDRO

Comeza a asemblea en segunda convocatoria sendo ás 11:00 horas. Saudase aos presentes dando as grazas por asistir. Decídese por unanimidade declárala aberta.

**1. LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA DA ASEMBLEA ANTERIOR.**

O secretario informa que a acta leva colgada na web todo ano sen ter recibido ningunha proposta de rectificación. A acta é aprobada por todos os asistentes sen votos contrarios ou abstencións. Nas primeiras páxinas informase da composición da asemblea, comisión delegada, comité xustiza deportiva e organigrama federativo.

**2. MEMORIA ANUAL 2023 – PROXECTO DEPORTIVO 2024**

O presidente dá a benvida a todos e comeza a facer balance da memoria deportiva do 2023.

Se o ano 2022 foi o ano da volta a normalidade. O 2023 superou todas as expectativas. Como podedes ver nas páxinas seguintes do dossier superáronse niveis de actividade tanto en licenzas como en probas que facía anos non tiñamos. Tedes ao detalle as probas celebradas, licenzas de cada clube, clasificacións xerais etc.

Afortunadamente poidéronse celebrar case o 100% das probas calendadas. Exceptuando o Motocrós de Cerceda e a última do CGV en Forcarei.

Dos Proxectos de Especial Relevancia (PER) asinados coa SXD a través do noso convenio, celebráronse todos, Cto. Mundo Enduro Lalín, Cto. Mundo Trial Arteixo, CET Clásico Arteixo, CET Entrimo, CEE Lalín, CEE A Estrada, CECX Santiago, CEQX Dumbría, CEMinivel As Pontes, CESM Forcarei, CEMTR en Lugo (ruta castrexa), CEMX Lugo, CE Hard Enduro A Peroxa, CE Raids TT A Estrada, CE Enduro TT Clásico Pantón.

De este ano quería destacar a volta das probas de motocros. Motopark Lugo organizou unha das dúas probas calendadas. A outra proba foi cancelada por Motopark Cerceda, e teño que manifestar a miña decepción por este suceso, porque me involucreei persoalmente para sacala adiante, reuníndome co clube e alcalde de Cerceda. Pero finalmente o clube suspendeuna sen dar motivo algún. Esperemos que este ano saquemos adiante un calendario con mais probas.

O presidente explica que tentou por todos os medios sacar adiante a proba de MX calendada en Cerceda, reuníndose con alcalde e organizador pero o motopark Cerceda finalmente suspendeu a proba.

Tamén resaltar a gran actividade dos Quads coa organización dun Quadcross Country en Dumbría, organizado por Terras do Vakner, e Touro (Os do Jatillo) con moi boa participación e con vontade de continuación no 2024 cunha terceira proba calendada para Santiago. Tamen houbo unha proba de CEQX en Dumbría.

Coa axuda dos motoclubes As Pontes MVR, AML, Rebordelo e TMSR conseguíuse sacar adiante o calendario de Minivelocidade con 4 probas das 5 calendadas. A última proba (VFM-Forcarei) do calendario foi suspendida por baixa inscrición.

Tamén se celebraron probas da Cup Dani Rivas por TMSR. VFM continuou organizando tamén o seu trofeo VF.

O CG Trial vai afianzándose ano a ano, no 2023 celebráronse probas en Arteixo e Pobra Brollón organizadas por Motomontañismo Arteixo, en Entrimo (Trial Entrimo), Vilagarcía (SqeM), Carballo (Saltamontes), Lugo (A Peroxa) e unha sétima proba celebrada en Asturias.

Para o 2024 aumentan as solicitudes. Chegaron 11 propostas para incluír no calendario do CGT. Mais adiante poderedes encontrar o calendario proposto pola Comisión Delegada.

Ademais voltouse a organizar a Copa Galega de Trial Infantil con 6 probas disputadas. Os clubes propoñen para o 2024, que se celebren en domingo co CGT, cos xunenís facendo os pasos TR4 (que pasará a denominarse TR4\_Infantil) e Alevín con pasos libres.

Cos CEE Santiago e Lalín (MNM) e A Estrada (CSR) celebrouse o CGE xunto coa probas de Pantón (mc A Peroxa) conformaron o CGE 2024.

Organizáronse 4 probas da Copa Galega de Enduro Infantil, todas a cargo do mc A Peroxa.

Coincidindo coa proba do CE Hard Enduro de A Peroxa celebrouse tamén o CG da especialidade coa participación 20 pilotos con licenza galega.

Tamén se celebraron 3 probas do CGCX, Santiago, Dumbría e Touro, estas dúas últimas compartindo cita cas dúas de Quads da mesma especialidade.

Organizouse tamén a Copa Galega de Mototurismo con 4 probas disputadas, Ruta Castrexa (AML), Ruta do Eume (MVR), Ruta do Meixón (Papaya) e ruta Segredos do Deza (MNM), cunha boa participación e con vontade de continuidade no 2024 xa como campionato galego.

Neste punto teño que informar que se enviou denuncia ao Comité Galego de Xustiza Deportiva contra unha asociación motera que estaba usando a denominación “Campionato Galego de Mototurismo” e derononos a razón, instando a dita organización a deixar de usar esa denominación.

Tedes no dossier o resto de probas/cursos e demais eventos celebrados no 2024.

No total organizaronse 93 eventos entre competicións FIM/RFME, Ctos. Galegos, probas sociais, cursos etc. O que supón un aumento do (+19%). Un ano que se iniciaba coa incertidume post pandemia acabou sendo un dos mellores dos últimos en canto a cifras de licenzas e probas organizadas.

Asinaronse convenios cos clubs organizadores de CG2023 por importe de 28.700 €:

<b>Data</b>	<b>Especialidade</b>	<b>Denominación</b>	<b>Clube</b>	<b>Importe</b>
1 26/02/2023	Cross Country	Cto. Galego Cross Country Santiago	Clube Sobre Rodas	1.300,00 €
2 24/09/2023	Cross Country	Cto. Galego Cross Country Touro	M.C. Os do Jatillo	1.300,00 €
3 25/06/2023	Cross Country	Cto. Galego Cross Country Dumbría	Terras do Vakner XC	1.300,00 €
4 17/09/2023	Enduro	Cto. Galego Enduro A Estrada – 2D	Clube Sobre Rodas	1.300,00 €
5 05/03/2023	Enduro	Cto. Galego Enduro Pantón	Moto Clube A Peroxa	1.300,00 €
6 19/02/2023	Enduro	Cto. Galego Enduro Santiago	Movete Na Moto	1.300,00 €
7 07/05/2023	Enduro	Cto. Galego Enduro Lalín - 2D	Movete Na Moto	1.300,00 €
8 11/02/2023	Enduro	Copa Galega Enduro Infantil A Peroxa	Moto Clube A Peroxa	400,00 €
9 04/03/2023	Enduro	Copa Galega Enduro Infantil Pantón	Moto Clube A Peroxa	400,00 €
10 25/03/2023	Enduro	Copa Galega Enduro Infantil Piñor	Moto Clube A Peroxa	400,00 €
11 27/05/2023	Enduro	Copa Galega Enduro Infantil San Xoan de Rio	Moto Clube A Peroxa	400,00 €
12 16/04/2023	Hard Enduro	Cto. Galego Hard Enduro A Peroxa	Moto Clube A Peroxa	1.300,00 €
13 12/10/2023	Motocross	Cto. Galego Motocros Lugo	Motopark Lugo	1.300,00 €
14 13/05/2023	Mototurismo	Copa Galega Mototurismo - Ruta Castrexa	A.M.L.	500,00 €
15 22/07/2023	Mototurismo	Copa Galega Mototurismo - Ruta do Eume	As Pontes MVR	500,00 €
16 10/06/2023	Mototurismo	Copa Galega Mototurismo - Ruta do Meixón	Moto Club Papaya	500,00 €
17 21/10/2023	Mototurismo	Copa Galega Mototurismo - Ruta Segredos do Deza	Movete Na Moto	500,00 €

18	27/05/2023	Trial	Cto. Galego de Trial Asturias (sáb)	Fed. Asturiana	0,00 €
19	12/11/2023	Trial	Cto. Galego de Trial Carballo	M.C. Saltamontes	1.300,00 €
20	29/01/2023	Trial	Cto. Galego de Trial Arteixo + sab copa	MM Arteixo	1.400,00 €
21	11/06/2023	Trial	Cto. Galego de Trial Pobra Brollón	MM Arteixo	1.400,00 €
22	02/12/2023	Trial	Cto. Galego de Trial Arteixo II Clásicas + inf	MM Arteixo	1.400,00 €
23	15/10/2023	Trial	Cto. Galego de Trial Vilagarcia	Moto Club SQeM	1.300,00 €
24	19/03/2023	Trial	Cto. Galego de Trial Lugo	Moto Clube A Peroxa	0,00 €
25	21/05/2023	Trial	Cto. Galego de Trial Entrimo	Trial Entrimo	1.400,00 €
26	16/07/2023	Velocidade	Cto. Galego de Velocidade - Outeiro de Rei	A.M.L.	1.300,00 €
27	02/04/2023	Velocidade	Cto. Galego de Velocidade - As Pontes	As Pontes MVR	1.300,00 €
28	04/06/2023	Velocidade	Cto. Galego de Velocidade - A Pastoriza	Rebordelo	1.300,00 €
29	06/08/2023	Velocidade	Cto. Galego de Velocidade - As Pontes II	Moto Sport Racing	1.300,00 €

Neste punto gustaríame informar que a Comisión Delegada deu instrucións ao secretario para non tramitar o convenio do CGT de Lugo co mc A Peroxa polos incidentes protocolarios, de imaxe e desprezo ao CGT. O mc A Peroxa presentou denuncia ante o Comité Galego de Xustiza deportiva por non cobrar a axuda, e nos xa contestamos ao requerimento do CGXD e aínda non recibimos resposta. Ademais dos informes dos comisarios e director, que denunciaban o menosprezo alí sufrido, enviouse tamén a factura de trofeos que tivo que comprar a FGM para substituír aos ridículos que entregara o organizador. A día de hoxe aínda non recibimos resolución do CGXD.

Tamén me gustaría dar contestación a un escrito que anda circulando polas redes sociais en relación as contas da FGM co mc A Peroxa. O escrito manipula, retorce e miente sobre os números contables do clube coa FGM.

1º Non ten nada que ver os movementos contables co alí exposto. Hai partidas como os dereitos de Cto. España e Europa, que aínda que paga a través da FGM, son integros para RFME – A FGM perde diñeiro nestas transaccións.

2º mc A Peroxa dice pagar á FGM as licenzas dos pilotos. É certo que a FGM factura as licenzas dos pilotos a través dos clubes, pero non é menos certo, que estas licenzas paganas os propios pilotos. Constanos que na inscrición dos seus eventos cobra aparte as licenzas aos propios participantes. Polo tanto apropiarse dun pago que fan os pilotos como propio é mentir.

3º. Co mc A Peroxa asinaronse os mesmos convenios, nas mesmas condicións co resto dos clubes organizadores.

4º Conseguimos unha tarifa de seguro para probas de Hard Enduro e Cross Country (para motos) de 30€ licenza. Tarifa que retiraron todas as federacións rexionais das súas licenzas no ano 2023. Desde FGM loitamos para mantela en Galicia. Para que puideran os clubes facer probas sociais con ela.

5º Miente sobre as cifras e omite cantidades pagadas pola FGM.

Por exemplo: Copa Galega de Enduro Infantil – 0€ recaudados pola FGM por este concepto, non leva dereitos e só se factura seguro de RC que non vai para FGM senón que é para a compañía de seguros. Tamén se aplica unha taxa de 3€ por transponder. Pero isto pagao o piloto na súa inscrición aínda que se lle facture



ao clube. Unha vez mais recaudao nas inscricións cobradas aos pilotos e minste decindo que o paga o clube, pagao o piloto na súa inscrición, ao igual co resto das especialidades cronometradas con transponder.

Subvención CGEI da FGM ao mc A Peroxa: 1.600€ - (400€ por proba)

Cronometraxe CGEI pagado pola FGM: 569,12 € (A Peroxa) + 1.800,06 € (Panton), 532,18€ (Piñor) + 675,97€ San Xoan de Río).

Ingresado por FGM: 330€ de transponders que van ao fondo de reposición. 110 transponders asignados nas 4 probas x 3€ = 330 € que pagan os pilotos na súa inscrición. Outra factura que paga A Peroxa pero recauda ese diñeiro dos pilotos.

A factura de seguro de RC emitida ao mc A Peroxa, págase logo a Allianz. 0€

Total gastos asumidos pola FGM na copa enduro infantil: 5.177,33 € (a de Pantón inclue tamen cronometraxe CGE do domingo). Retorno: 330 € en concepto factura transponders. Este é o mais claro exemplo de manipulación de números que fai na súa interpretación. Pero hai mais:

No CG de Enduro e Hard Enduro tamén recibiu axuda de 1.300€ + 1.300 €. Unha vez mais esquece o cronometraxe pagado pola FGM (1.800,06 € + 1.530,13 €.).

Probas polas que paga uns dereitos á FGM de 132€, e as facturas de seguro de RC e transponders que xa explicamos que pagan os pilotos na súa inscrición, non o clube.

En comparativa coa RFME, por exemplo, no CE de Hard Enduro de A Peroxa, a rfme factura 2.025 € de dereitos e seguro de RC. Tamén factura 1.029 de xestión de inscricións (10%)

Facturado por RFME á FGM: 3.054 € - Ingresado por FGM: 0€

O clube paga á FGM 3.054 € que van a parar a RFME, sen ningún retorno para FGM. Que curioso, aquí cero retorno en axudas, so pagar, pero non adican nin unha palabra a explicalo.

Esta mesma formula é aplicable a todas as probas RFME e FIM organizadas por A Peroxa en 2023. Cero axudas en todas elas.

Podería seguir evento por evento, pero con estes exemplos é mais que suficiente para desmontar as mentiras vertidas por A Peroxa en redes co único motivo de voltar a facer enduros NON federados e poder cobrar comisións por todo. O único que fixo a FGM foi tenderlle a man nun momento que a situación do Covid non lle deixaba facer deporte non federado. Buscouselle unha tarifa de seguro para que tiveran encaixe no que estaban cobrando aos pilotos.

Este ano, nin o seguro saínte (Zurich) nin o novo seguro (Lloyds), ofrecen a tarifa de seguro para a licenza de 30€. A licenza dun día do 2024 é de 71€. Ese é o verdadeiro motivo de mc A Peroxa para voltar as probas non federadas. Bastaba con non calendar nada federado na FGM, non facía falta montar este circo de falsedades en redes para xustificar non federar as probas.

Con todos os clubes organizadores dos CG fixeronse as contas o luns seguinte e nesa semana tamén estaba o convenio de axuda enviado para asinar.

En todas as probas dos Ctos. Galegos, a FGM fíxose cargo das facturas de cronometraxe.

As licenzas subiron un 31%. A este incremento axudou a subida de eventos de todas as especialidades. Os clubes tamén se van habituando a calendar xornadas de adestramentos, o que fixo subir moito as licenzas de 1 día para esas xornadas.

Quero recoñecer o esforzo e a valentía dos clubes que calendar probas no 2024. Grazas a eles presentamos un calendario de actividades en case todas as especialidades.

O presidente explica o malestar de Castela-León, Asturias e Cantabria e outras federacións polo prezo das licenzas ofrecidas a mc A Peroxa, chegando a bloquear a inscrición dos pilotos galegos no trofeo Norte que fixeron a final de ano. Na reunión da asemblea da rfme o presidente da FGM explicou que esa tarifa foi consensuada co seguro e a rfme para manter esas probas como federadas.

O presidente explica que unha vez sacado o calendario de Ctos. De España, con probas concedidas ao mc A Peroxa, e unha vez coñecida a súa actividade non federada, vai promover unha reunión de presidentes para que se aplique o acordo de asemblea rfme de non conceder CE aos clubs que organicen probas non federadas. Non se pudo actuar antes porque so fixo público o calendario da súa actividade non federada unha vez pasada a asemblea rfme.

Finaliza o informe do presidente.

Neste punto Sandra Fernández apunta que na memoria do presidente non está recollida as tres xornadas de “Xogade coas Motos”. O secretario comproba que mais adiante figuran na relación de actividades por clube.

Na páxina 17 do dossier preséntase unha relación dos clubs afiliados a FGM a 31/12/2023.

Novas altas: DSVF As Pontes, O Petouco, Os do Jatillo, Club Deportivo Portosin e Trotamontes Pol.

Nas páxinas 18-19 relacionanse as actividades dos clubs en 2023, por data, modalidade, ámbito e clube organizador. Na px. 20 mostrase gráfico da actividade por provincias.

Na páxina 21 presentase estadística detallada de licenzas de cada clube. Cun incremento notable respecto do ano anterior.

Das páxinas 22 á 37 presentase a clasificación dos campionatos, trofeos e copas das diferentes disciplinas, enduro, hard enduro, cross country, quads, trial, motocros, mototurismo e velocidade. Clasificacións que levan colgadas na web todo ano. Aprobanse as clasificacións dos CG 2023. O secretario informa que os premios vanse entregar esta tarde na gala.

Na seguinte folla (pax. 38) aparece a relación de pilotos con títulos nacionais 2023.

O secretario informa que chegou do Club Moto Vigo un correo solicitando entregar un premio a Juan Vazquez-Noguerol pola súa participación no Cto. Mundo de Mototurismo. Explica que o sr. Noguerol participou con licenza portuguesa. E aínda que reclamou o título nun recurso interposto contra a FIM, a realidade é que perdeu o recurso, e figura na clasificación como segundo clasificado. A asemblea concorda que non procede entregar recoñecemento pola súa participación con licenza portuguesa.

### 3. INFORME EJERCICIO ECONÓMICO 2023.

Presentase o informe favorable da comisión delegada ás contas do 2023 e a aprobación pola mesma tamén do orzamento 2024 na reunión celebrada o 29 de decembro 2023.

Detallase por partidas a comparativa do orzamento co realizado.

**COMPARATIVA ORZAMENTE 2023 CON REALIZADO aprobado por CD 29/12/2023 e ratificado por AX 20/01/2024**

<b>GASTOS</b>	<b>ORZAMENTO</b>	<b>REALIZADO</b>	<b>INGRESOS</b>	<b>ORZAMENTO</b>	<b>REALIZADO</b>
CONCEPTO	2023	2023	CONCEPTO	2023	2023
<b>SERVIZOS EXTERIORES</b>	<b>61.585,44 €</b>	<b>65.666,24 €</b>	<b>INGRESOS POR SUBVENCIONS</b>	<b>71.793,00 €</b>	<b>87.910,60 €</b>
Asesoría Contable Laboral	2.541,00 €	2.541,00 €	Subvencions da SxD a FGM	61.293,00 €	61.293,00 €
Primas de seguros RC	13.182,51 €	16.168,61 €	Subvencion da SxD a PER	7.500,00 €	6.750,00 €
Comunicacions - Telefonía	747,89 €	897,77 €	Subencions da RFME	3.000,00 €	5.067,60 €
Salarios + IRPF	28.200,00 €	28.711,23 €	Outras Subvencions	0,00 €	14.800,00 €
Seguros sociais	11.216,28 €	12.031,44 €			
Prevenición e riscos laborais	258,18 €	272,90 €	<b>COTAS DE CLUBS</b>	<b>8.250,00 €</b>	<b>9.515,00 €</b>
Gastos de Asembleas	141,57 €	428,90 €	RFME	2.250,00 €	2.512,00 €
Gastos X. Direc. e Com. Deleg.	266,16 €	266,16 €	FGM	6.000,00 €	7.003,00 €
Servizos Bancarios	1.474,72 €	1.699,38 €			
Organos Xurisdiccionais	2.178,00 €	2.178,00 €	<b>LICENZAS FEDERATIVAS</b>	<b>120.000,00 €</b>	<b>150.855,00 €</b>
Material de oficina	230,82 €	255,85 €	FGM		82.296,00 €
Outros Gastos Correntes	1.148,31 €	215,00 €	RFME		68.559,00 €
Outros Profesionais Independ.					
			<b>DEREITOS PROBAS</b>	<b>30.000,00 €</b>	<b>38.967,00 €</b>
			RFME-FIM		32.490,00 €
			FGM		6.477,00 €
			<b>SEGUROS PROBAS</b>	<b>20.000,00 €</b>	<b>30.789,75 €</b>
<b>COMPETICIONS-ACTIVIDADES</b>	<b>298.148,21 €</b>	<b>430.564,69 €</b>	RFME-FIM		12.435,00 €
Subv. FGM clubs organizadores	32.000,00 €	28.700,00 €	FGM		18.354,75 €
Subv. RFME clubs organizadores	2.900,00 €				
Gastos competicións	9.000,00 €	13.397,47 €	<b>DEREITOS DE INSCRICIÓN</b>	<b>100.000,00 €</b>	<b>175.281,50 €</b>
Cronometraxe probas	12.000,00 €	13.417,64 €	RFME	80.000,00 €	143.338,50 €
Subv. FGM/SxD P.E.R.	7.500,00 €	6.750,00 €	FGM	20.000,00 €	31.943,00 €
Trofeos e Diplomas CG	2.000,00 €	3.099,54 €			
Dtos probas e seguros RC RFME/FIM	30.000,00 €	64.695,10 €			
Inscricions	115.000,00 €	164.137,80 €			
Outros gastos competicións MX Aut.	0,00 €	5.820,14 €	<b>OUTROS INGRESOS</b>	<b>9.690,65 €</b>	<b>19.477,83 €</b>
Cursos formación	0,00 €	14.800,00 €	Competicions fondo xestion insc, TX	3.993,00 €	10.724,40 €
			Outros Ingresos		
DOTACION AS AMORTIZACIONES	10.498,21 €	12.306,46 €	Aplicación subv Material Crono	5.697,65 €	7.702,84 €
LICENZAS FEDERATIVAS	75.000,00 €	95.932,85 €	Exceso provisións		
COTAS AFILIACIÓN CLUBS	2.250,00 €	2.512,00 €	Cronometraxe		1.050,59 €
INDEMNIZACIÓN DESPIDO	0,00 €	4.995,69 €			
<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>359.733,65 €</b>	<b>496.230,93 €</b>	<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>359.733,65 €</b>	<b>512.796,68 €</b>

DIFERENCIA 16.565,75 €

Sandra Fernández pregunta si xa se acabou de pagar a indemnización por despido. O secretario informa que ese gasto que figura no orzamento é o pago final de costas xudiciais e intereses recollidos na sentenza de despido que non se provisionaran como gasto.



Levase a votación a aprobación das contas do 2023 cun resultado de 17 votos a favor, 0 en contra e 0 abstencións.

Presentase orzamento para o 2024, cunha previsión de ingresos e gastos parecidos a tempada que finalizou.

**ORZAMENTO 2024 APROBADO POR CD 29/12/2023 e RAFITIFICADO POR AX 20/01/2024**

<b>GASTOS</b>	<b>ORZAMENTO</b>	<b>INGRESOS</b>	<b>ORZAMENTO</b>
CONCEPTO	2024	CONCEPTO	2024
<b>SERVIZOS EXTERIORES</b>	<b>65.041,00 €</b>	<b>INGRESOS POR SUBVENCIONS</b>	<b>70.953,00 €</b>
Asesoría Contable Laboral	3.291,00 €	Subvencions da SXD a FGM	62.553,00 €
Primas de seguros RC	13.000,00 €	Subvencion da SXD a PER	5.400,00 €
Comunicacións - Telefonía	900,00 €	Subvencions da RFME	3.000,00 €
Salarios + IRPF	29.500,00 €	Outras Subvencions	0,00 €
Seguros sociais	12.200,00 €		
Prevenición e riscos laborais	280,00 €	<b>COTAS DE CLUBS</b>	<b>9.000,00 €</b>
Gastos de Asembleas	500,00 €	RFME	2.500,00 €
Gastos X. Direc. e Com. Deleg.	270,00 €	FGM	6.500,00 €
Servizos Bancarios	1.800,00 €		
Organos Xurisdiccionais	2.300,00 €	<b>LICENZAS FEDERATIVAS</b>	<b>100.000,00 €</b>
Material de oficina	500,00 €	FGM	50.000,00 €
Outros Gastos Correntes	500,00 €	RFME	50.000,00 €
Outros Profesionais Independ.			
		<b>DEREITOS PROBAS</b>	<b>32.000,00 €</b>
		RFME-FIM	25.000,00 €
		FGM	7.000,00 €
		<b>SEGUROS PROBAS</b>	<b>28.000,00 €</b>
<b>COMPETICIONS-ACTIVIDADES</b>	<b>340.912,00 €</b>	RFME-FIM	13.000,00 €
Subv. FGM clubs organizadores	27.000,00 €	FGM	15.000,00 €
Subv. RFME clubs organizadores	0,00 €		
Gastos competicións	10.000,00 €	<b>DEREITOS DE INSCRICIÓN</b>	<b>150.000,00 €</b>
Cronometraxe probas	13.000,00 €	RFME	120.000,00 €
Subv. FGM/SXD P.E.R.	5.400,00 €	FGM	30.000,00 €
Trofeos e Diplomas CG	3.000,00 €		
Dtos probas e seguros RC RFME/FIM	38.000,00 €		
Inscricións	145.000,00 €		
Outros gastos competicións MX Aut.	7.000,00 €	<b>OUTROS INGRESOS</b>	<b>16.000,00 €</b>
Cursos formación	0,00 €	Competicións fondo xestión insc, TX	10.000,00 €
		Outros Ingresos	
<b>DOTACION AS AMORTIZACIONES</b>	<b>10.000,00 €</b>	Aplicación subv Material Crono	6.000,00 €
<b>LICENZAS FEDERATIVAS</b>	<b>80.000,00 €</b>	Exceso provisións	
<b>COTAS AFILIACIÓN CLUBS</b>	<b>2.512,00 €</b>	Cronometraxe	
<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>405.953,00 €</b>	<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>405.953,00 €</b>



O secretario explica que con posterioridade á aprobación do orzamento 2024 que se presenta para ratificación da asemblea, coñeceuse a organización do Cto. Do Mundo de Motocross en Lugo que poderá afectar a partidas de aprobacións e de seguros dependendo de si a rñme factura a través da FGM ou directamente co promotor. O mesmo pode pasar cos ISDE, ambos eventos poden elevar o orzamento, pero serán partidas de gastos e ingresos por igual, xa que a FGM o único que fai e dar traslado aos organizadores a facturación que envía a rñme.

Procedese a votación do orzamento 2024 por un montante de 405.953,00 € detallado por partidas, con 17 votos favorables, 0 en contra e 0 abstencións.

Na seguinte páxina detallase a proposta da Comisión Delegada para as tarifas de licenzas 2024, nas que acordou aplicar a subida do seguro. O secretario informa que estas tarifas xa se están aplicando dende o 1 de xaneiro, pois aos pilotos que queren adestrar ou competir a primeiros de mes hai que darlles trámite de licenza. Informase de que non hai licenza social de CX-Hard Enduro de 1 día por 30€. Tarifa non ofertada pola nova compañía (Lloyds).

Votase a proposta de tarifas licenzas e queda aprobada con 17 votos a favor, 0 en contra e 0 abstencións.

Na páxina 43 presentase a proposta de tarifas de dereitos de proba aprobada pola CD. A proposta é ratificada pola asemblea. Aprobando unha tarifa de dereitos FGM para o Cto. Do Mundo de Motocross por importe de 4.646 € no ano 2024. E proponse que de continuar a organización do CMMX en anos posteriores, a tarifa de aprobación de dereitos FGM serán de 6.000 €. Aprobada tarifas dereitos de proba por unanimidade.

O secretario informa de que nas tarifas de inscricións que se propoñen na px. 44 están metidos os 2€ que se acordara meter na asemblea anterior para ir subindo ano a ano ata poñernos aos niveis doutros campionatos rexionais. A cota de clube apróbase en 121€. As tarifas de inscrición CG 2024 é aprobada por unanimidade. Acordando subilas todos os anos aplicando o IPC.


Apróbase tamén que en todas as probas dos CG a inscrición sexa feita en zona privada de federado nos prazos e prezos alí publicados. Cando sexan probas cronometradas por transponder, 3€ da inscrición serán facturados en concepto de aluguer para crear un fondo de reposición, novas compras software, material etc. Da inscrición abonada aos clubes tamén se descontará 1€ de xestión para costear a perda por TPV das comisións bancarias e as do pago das mesmas aos clubes organizadores.

## DEREITOS DE INSCRICIÓNS CTOS. GALEGOS 2024

MX/SX/QX	PRAZO	FORA P.	
MX1-SX1-Q1	52 €	62 €	
MX2-SX2-Q2	52 €	62 €	
MX85-SX85	37 €	47 €	
MXSX65 MXSX50	37 €	47 €	
MX+36-SX+36	52 €	62 €	
MX-AFECCIONADOS	52 €	62 €	

EN/CX	PRAZO	FORA P.	
Mesmas categorías co CEE	1D – 65€	75 €	
	2D – 130€	140 €	
INFANTIL	35 €	45 €	

TR	PRAZO	FORA P.	
TR1	37 €	47 €	
TR2	37 €	47 €	
TR3	37 €	47 €	
TR4	37 €	47 €	
TR5	37 €	47 €	
ALEVIN	29 €	39 €	

VEL	PRAZO	FORA P.	
EXTREME	*as que cobre o organizador/circuito		
SUPERSPORT	*as que cobre o organizador/circuito		
MINIMOTARD	53 €	63 €	
CLASICAS	53 €	63 €	
SBK – CRITERIUM	53 €	63 €	
MINIVELOCIDADE INF	33 €	43 €	
MINIMOTOS INF.	27 €	37 €	

As inscricións e o pago dos dereitos correspondentes deberán efectuarse a través da zona privada de federado na web da FGM [www.fgmoto.org](http://www.fgmoto.org).

1. En prazo: ata as 23:59 horas do mercores anterior (ou 3 días se non é fin de semana).

2. Fora de prazo: ata as 10:00 horas do venres anterior ao día da proba. Estas inscricións terán un recargo. A inscrición no circuito o día da proba leva dereitos dobres. Os dereitos dobres cobrados no día da proba considéranse unha penalización. A FGM facturará aos clubs organizadores os dereitos dobres cobrados no día.

No caso de non poder asistir a unha competición deberá ser comunicado na FGM ata o venres ás 13.00 h. anterior ao día da celebración da competición. Para ter dereito a devolución dos dereitos, deberá facerse vía correo electrónico a [inscricions@fgmoto.org](mailto:inscricions@fgmoto.org).

O importe das inscricións leva incluído o importe dun euro (1,00 €) de compensación polo gasto derivado da xestión telemática das inscricións e o seu pago.

Nas competicións cronometradas con transponders da FGM, o importe da inscrición leva incluída a compensación económica de tres euros (3,00 €) destinada a creación dun fondo para reposición e renovación de transponders.

## PRESENTASE O REGULAMENTO DE LICENZAS 2024 PARA APROBACIÓN.

Neste punto o secretario informa que consultado o novo seguro, son consideradas probas sociais as de carácter rexional que non coincidan en data e lugar cun Campionato Galego ou de España. Coincidindo coa organización dun CG ou CE non se poderá celebrar unha proba social. Pregunta Julio Solleiro que pasará si un clube solicita unha proba social cun CG ou CE. O secretario responde que non se lle aprobará o regulamento. Sandra Fernández pregunta si os pilotos galegos con licenza homologada sacada pola FGM poden participar en probas sociais. O secretario informa que si, os pilotos con licenza homologada FGM poden. Pero explica que por ser proba de carácter rexional non poderán ser aceptadas inscricións feitas con licenzas homologadas doutras rexións.

Tamén informa da circular da Xunta na que se nos notifica que non se poden meter nenos/as que non residan en Galicia no seguro de Xogade. Algo que nós xa estabamos aplicando.

O secretario informa que se adaptou o regulamento de licenzas a esta contestación do seguro. Aprobado o texto por unanimidade. O regulamento colgase na web.

## CALENDARIOS 2024

O secretario presenta o calendario de CG2024 aprobado por comisión delegada para ratificar pola asemblea. Informa que foron descartadas as solicitudes de probas de Trial dos clubes: SQeM, Saltamontes, Trialco (2) e Federación Asturiana. E de CG de Velocidade de DSVF, Motobox e Outeiro de Rei.

Sandra Fernández pide que se retrase a aprobación do calendario ata saber como quedan as categorías do CGV. Antes de aprobar o calendario pasase a debater as propostas de cambios de regulamento.

<b>Data</b>	<b>Proba</b>	<b>Organizador</b>
22/06/2024	Campionato Galego de Cross Country - Dumbría	Terras do Vakner XC
06/10/2024	Campionato Galego de Cross Country - Touro	M.C. Os do Jatillo
02/11/2024	Campionato Galego de Cross Country - Santiago	Terras do Vakner XC
28/04/2024	Campionato Galego de Enduro - Santiago	MNM Movete Na Moto
24/03/2024	Campionato Galego de Motocros Clásico - O Carrio	Clube Sobre Rodas
30/03/2024	Campionato Galego de Motocros Clásico - Lugo I	A.M.L.
02/06/2024	Campionato Galego de Motocros Clásico - Lugo II	Motopark Lugo**
22/09/2024	Campionato Galego de Motocros Clásico - Lugo III	A.M.L.
17/11/2024	Campionato Galego de Motocros Clásico - Taboexa	MNM Movete Na Moto
24/03/2024	Campionato Galego de Motocros - O Carrio	Clube Sobre Rodas
30/03/2024	Campionato Galego de Motocros - Lugo I	A.M.L.
02/06/2024	Campionato Galego de Motocros - Lugo II	Motopark Lugo
17/11/2024	Campionato Galego de Motocros - Taboexa	MNM Movete Na Moto
11/05/2024	Campionato Galego Mototurismo - Ruta Castrexa	A.M.L.
08/06/2024	Campionato Galego Mototurismo - Ruta do Meixón	Moto Club Papaya
06/07/2024	Campionato Galego Mototurismo - As Pontes	As Pontes Martín Vázquez R.



10/08/2024	Campionato Galego Mototurismo - Ruta Segredos do Deza	MNM Movete Na Moto
22/06/2024	Campionato Galego Quad_Country - Dumbria	Terras do Vakner XC
06/10/2024	Campionato Galego Quad_Country - Touro	M.C. Os do Jatillo
02/11/2024	Campionato Galego Quad_Country - Santiago	Terras do Vakner XC
16/06/2024	Campionato Galego de Supermoto - Forcarei	Motoclub V.F.M.
28/01/2024	Cto. Galego de Trial Arteixo	Club Motomontañismo Arteixo
10/03/2024	Cto. Galego de Trial Entrimo	Moto Club Trial Entrimo
14/04/2024	Cto. Galego de Trial - Vilagarcía	Moto Club SQeM
05/05/2024	Cto. Galego de Trial Vimianzo	M.C. O Petouco
20/10/2024	Cto. Galego de Trial Vilagarcía II	Moto Club SQeM
10/11/2024	Cto. Galego de Trial Carballo	Moto Club Saltamontes
19/05/2024	Campionato Galego de Velocidade - A Pastoriza I	As Pontes Martín Vázquez R.
14/07/2024	Campionato Galego de Velocidade - Forcarei	Motoclub V.F.M.
04/08/2024	Campionato Galego de Velocidade - A Pastoriza II	Moto Sport Racing
18/08/2024	Campionato Galego de Velocidade - A Pastoriza III	A.M.L.
29/09/2024	Campionato Galego de Velocidade - As Pontes	As Pontes Martín Vázquez R.
05/05/2024	XXVII Concentración Motos - Valadouro	Moto Clube Val do Ouro
07/09/2024	XVII Dirt Track Xacob Agra - O Porriño	Moto Club Papaya

\*\*Faltaría preguntar a Motopark Lugo se quere incluír CGMX Clásico na súa proba de xuño de CGMX.

### **Propostas e novos regulamentos CG2024.**

- Crear a Categoría TR4\_Infantil.

Aprobada creación de categoría TR4\_Infantil con pasos amarelos.

- Dar puntuabilidade a todos os CG2024 aos pilotos con licenza homologada doutras rexións.

Despois de debatilo e votado con 12 votos a favor, 4 en contra e 1 abstención decídese votar especialidade por especialidade:

Resultado das votacións:

Trial: 15 votos en contra e 2 abstencións (non puntúan)

Motocros: 12 a favor 4 en contra e 1 abstención (puntúan)

Enduro: 12 a favor e 5 abstencións (puntúan)

Velocidade: 11 a favor, 3 en contra e 3 abstencións (puntúan)

Quads: 14 a favor e 3 abstencións (puntúan)

Aprobase que nos CG de MX,, Enduro, Velocidade e Quads puntúan os que participen con licenza homologada doutras rexións, aplicable tamén as disciplinas asociadas a esas especialidades, Cross Country, Hard Enduro, Supercros etc.

No CG de Trial seguirá rexindo a normativa do ano pasado, poden participar sen puntuar.

- Convocar CG MX Clásico.

Establecese un debate sobre o cobro das inscricións e a puntuabilidade dos de fora. Na proba que coincide co CEMX Clas, os pilotos de fora que queiran puntuar no CG terán que pagar dúas inscricións. Os pilotos galegos inscritos no CE puntuarán tamén no CG.

A asemblea autoriza a Comisión Delegada a aprobar o regulamento deportivo e técnico da especialidade unha vez estea listo.

Os clubs organizadores do CGMX presentes na asemblea comprometéense a incluír as categorías clásicas no seu evento. Faltaría preguntar a Motopark Lugo se quere incluír MX Clásico na súa.

- Convocar Categoría Fémias CGMX – aprobado.

- Denominar Mototurismo como Campionato Galego.

O secretario explica que se propón o cambio de denominación da Copa Galega de Mototurismo a Campionato Galego de Mototurismo pola uso indebido de esa denominación por unha asociación moteira xa denunciado ante o CGXD. Aprobado o cambio de denominación.

- Convocar categoría Scooter CGV – O presidente explica que o chamaron pilotos de Scooter para ver a posibilidade de crear a categoría de Scooter. Queda pendente da reunión do presidente cos promotores da iniciativa, e en caso de chegar a unha proposta, aprobar por comisión delegada un regulamento.

- Cambios CGV Cat Clásicas SS – 2 mangas. Aprobase a celebración de dúas mangas na categoría e crear unha segunda categoría de supersport.

- Convocar Enduro ou CX Infantil coas de Cross Country.

Aprobase convocar o CGCX Infantil. Os organizadores meten unha categoría para E50/E65 ou E85/open.

- Peticións federación asturiana inclusión probas CG en Cto. Asturiano.

Dase traslado da petición da federación asturiana de darlle puntuabilidade aos campionatos galegos para o campionato de asturias de Trial, Motocros, Quads e Velocidade. É aceptada a proposta exceptuando a de calendar unha proba do CG de Trial en Asturias. Será a federación asturiana a que nos diga a que probas lle da puntuabilidade para o seu campionato unha vez enviemos calendario dos CG.

- Solicitud VFM axudas a probas sociais 2024. O presidente da lectura ao escrito enviado por VFM na que solicitan se conceda unha axuda de 400€ as probas sociais. Toma a palabra Sandra Fernández a instancias do presidente e explica que non pode continuar coa organización do seu trofeo social VF se a FGM non se compromete a aprobar unha partida de axuda para eses eventos no 2024. O presidente explica que á data de xaneiro na que nos encontramos non pode comprometerse a darlle unha axuda económica por escrito. Unha vez pechado o ano será a comisión delegada a que estableza en que se gasta o superavit de habelo.

O presidente ofrecelle a posibilidade de axudala no proxecto “xogade coas motos”, cousa que descarta insistindo que o que está pedindo é axuda para as probas sociais.

O secretario explica que o superavit de este ano vaise empregar en compra de material, xeneradores, carpas e contratar a xestión de redes sociais, comunicación e prensa.

O presidente de AML pregunta cantas probas hai pedidas de carácter social. O secretario contesta que ningunha, ao que Sandra Fernández responde que si aproba a axuda dos 400 € para as sociais comprometéense a calendar o trofeo VF no 2024. Recalca que non está pedindo para “xogade coas motos”, decindo de novo que se non se aproba a axuda para as probas sociais non calenda o trofeo. O presidente pregunta si se somete

a votación a concesión de axuda ás probas sociais e varios assembleistas din que non hai nada que votar, que non hai partida no orzamento aprobado por comisión delegada e ratificado pola asemblea e que en tal caso será a comisión delegada a que estableza os criterios de reparto das axudas a final de ano si hai superavit.

Dáse por aprobado o calendario de CG mantendo VFM a sua proba do CGV.

- Contratar xestor de redes, comunicación etc

O secretario explica que non ten tempo para levar redes, comunicación etc e que non se pode demorar mais a contratación de xestor/es para as redes, comunicación etc. A asemblea concorda que non podemos seguir sen ninguén que se faga cargo de ese traballo e o presidente solicita autorización para pedir orzamentos e contratar a alguén que se ocupe de facer ese traballo. A asemblea da o V.B. a proposta por unanimidade.

- Correo mc A Peroxa

O secretario da lectura a un correo do mc A Peroxa do 11/01/2024 no que pide incluír no calendario de Campionatos Galegos 6 probas de Enduro Infantil. Informa á asemblea que xa lle contestara ao motoclub noutro correo do día 9 xaneiro que as solicitudes para calendar CG2024 finalizaron o 28 de decembro.

Tamén explica que enviaron o regulamento particular para organizar un Enduro Infantil que coincide en data e lugar coa proba da Liga Galega de Moto de Campo organiza en A Peroxa. Organización que na sua web oferta seguros non federados para os enduros infantis. O secretario informa que non se lle vai a aprobar ningún regulamento mentras calende os eventos coincidindo coa LGMC. Tamén informa que se vai dar traslado á RFME do uso dos logos da RFME e FIM no calendario da LGMC.

O secretario informa á asemblea que a LGMC ten programadas probas das mesmas especialidades, nas mesmas datas e lugares nos que o mc A Peroxa ten concedidas as organizacións de campionatos de España. E que se vai informar á RFME, que a FGM non dará o VB a ningún regulamento de CE nos que as probas coincidan con probas non federadas. A asemblea concorda coa decisión.

Sen mais asuntos que tratar. Dáse por concluída a asemblea as 14:10 do 20 de xaneiro de 2024.

Vº Bº. Ppresidente FGM  
José Canda Rodríguez

Asdo. Secretario Xeral  
Mário Riveiro

Firmado por \*\*\*1298\*\* JOSE  
CANDA (R: \*\*\*\*5106\*) el día  
12/02/2024 con un certificado  
emitido por AC Representación

